

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
27015955	EOI de Lugo	Lugo	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	12/11/24
Data aprobación consello	27/09/24
Data aprobación claustro	08/11/24

2. Introducción

Xustificación do PD en relación á normativa vixente. Este Plan Dixital baséase na seguinte lexislación:

- Art. 111 bis, Art.121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e FP, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Tal e como contempla o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para unha transición á aprendizaxe na era dixital, é esencial que os centros educativos modernicen as súas prácticas de ensino e aprendizaxe para aproveitar o potencial das tecnoloxías de aprendizaxe dixital como facilitadoras de experiencias de aprendizaxe máis eficaces.

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado. Por iso, debemos dar resposta a esas necesidades e demandas para poder formar cidadáns coas competencias necesarias para desenvolverse nun contorno dixitalizado.

A educación é un recurso clave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas. Por iso, é necesaria unha transformación dos sistemas educativos e formativos que garanta a adquisición de competencias dixitais.

Por outra banda, os centros educativos teñen a necesidade de revisar as súas estratexias para mellorar a súa capacidade de innovación e para poder sacar o máximo rendemento ás tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos dixitais.

Cumprindo estes requisitos favorecemos unha educación aberta, flexible e que permita aos nosos cidadáns e cidadás desenvolver as habilidades que precisen para se integrar no mercado laboral Europeo.

Este plan dixital pretende recoller accións e iniciativas en prol do fomento da competencia dixital do noso centro. É importante sentir ao centro como unha unidade transformadora e en constante movemento que nos permita implementar un plan de acción holístico tal e como se recolle no Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes.

Contextualización do PD no centro e contribución ao Proxecto Educativo.

O Plan Dixital debe contribuír á consecución dos obxectivos que se marcan no PEC e estar en consonancia cos sinais de identidade e as formulacións educativas expresadas neste documento. A EOI de Lugo vén desenvolvendo durante os últimos anos un labor de dixitalización do centro en diversas liñas de actuación. Existe xa, dende hai uns vinte anos, a

figura do Equipo TIC. Os labores deste equipo foron cambiando nos últimos anos, adaptándose ás novas necesidades. Podemos dicir que se pasou gradualmente de dedicar a maior parte do esforzo a adquirir material actualizado e resolver incidencias nos ordenadores das aulas, a realizar labores de creación e xestión dos recursos materiais e dixitais, xestión da aula virtual, creación de tutoriais para o profesorado e para o alumnado para o uso e manexo de ferramentas dixitais. Este plan axudará especialmente a fomentar a participación de toda a comunidade escolar na xestión democrática do centro na forma establecida na lexislación vixente e a mellorar a convivencia no centro de traballo. O Plan Dixital debe contribuír a conseguir este obxectivo poñendo á disposición da comunidade ferramentas colaborativas que faciliten o entendemento entre as persoas que integran a comunidade.

Tamén é evidente a súa axuda a adaptar a súa oferta educativa, o seu funcionamento administrativo e a súa metodoloxía didáctica ás demandas sociais, facilitando as xestións e os estudos en liña. A través da posta en marcha do Plan Dixital, pretendemos abrir a escola ás novas correntes metodolóxicas e aos avances tecnolóxicos que poidan renovar os seus métodos, materiais e recursos didácticos.

Os obxectivos que marcamos para este ano están relacionados coa renovación das canles dixitais que se usan para transmitir a información, poñendo especial énfase na nova páxina web e os contidos incluídos e ligados a ela, e na actualización e profundización dos coñecementos que permitan o profesorado manexar con máis eficacia as ferramentas dixitais que teñen á súa disposición, especialmente a aula virtual do centro.

A modificación do PEC durante os cursos 2022-23 e 2023-24 implicou a integración do Deseño Universal de Aprendizaxe e pon de relieve a importancia da avaliación formativa. Un dos xeitos de integrar esa avaliación formativa ao eido dixital é a formación do profesorado no referente á avaliación a través da aula virtual.

O resto dos obxectivos plantexados neste plan dixital están relacionados coas carencias detectadas a partir da enquisa que se levou a cabo no terceiro trimestre do curso 2023-24, entre o alumnado e o profesorado da escola.

As necesidades detectadas a partir desa enquisa por parte do alumnado están principalmente relacionadas con melloras na web da escola, o uso da aula virtual e á necesidade de darlle un pulo ao ensino semi-presencial.

Por parte do profesorado, as necesidades detectadas teñen que ver co descoñecemento de REAs que ofrezan recursos, co pouco uso de ferramentas para crear contidos dixitais e para mellorar a eficacia das aulas virtuais.

Os obxectivos desde Plan dixital 2024-25 formarán parte da Programación Xeral Anual do curso. Contribuirán, ademais, de xeito palpable, ao cumprimento dos demais obxectivos que se propoñan na PXA, e axudarán á súa avaliación.

Proceso de elaboración

O equipo responsable da elaboración do Plan dixital do Centro está constituído por:

- o director do centro, Fernando Vázquez López
- a vicedirectora, María José Veiga Díaz
- a coordinadora do Plan Dixital, Elena M^a Longo González

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Os instrumentos de recollida de datos para elaborar o contextop DAFO e os obxectivos deste plan dixital son as enquisas levadas a cabo entre o alumnado e o profesorado no terceiro trimestre do curso 2023/24, nas que se preguntou por todos os aspectos relativos ao eido dixital.

As preguntas formulados ao alumnado foron as seguintes:

- REDES SOCIAIS. Segues á escola nalgunha rede social? Marca as que segues: X (Twitter), Telegram, Facebook, Instagram, Información das actividades culturais na aula virtual
- REDES SOCIAIS. Estás satisfeito coa información que se proporciona nas redes sociais? Botas algo de menos?
- PÁXINA WEB. Consultas con frecuencia a nosa páxina web?
- PÁXINA WEB. Estás satisfeito coa información e a organización da páxina? Se a resposta é non, por que?
- AULA VIRTUAL. No teu grupo faise uso da aula virtual?
- AULA VIRTUAL. Estás satisfeito coa aula virtual do teu grupo? Se a resposta é negativa, por que?
- AS CLASES. Como te comunicas co teu profesor/a? email, mensaxería da aula virtual, centrosnet, outros
- AS CLASES. Se a resposta anterior é 'outros', cales?
- AS CLASES. O teu profesor(a proporciona recursos dixitais en liña para que poidas afondar nos teus coñecementos?
- AS CLASES. Creas contidos dixitais no teu curso (blogs, gravacións, expresións escritas...)? De que tipo?
- AS CLASES. Accedes ás túas cualificacións de tarefas na aula virtual?
- AS AULAS Cal é a túa opinión sobre o material informático das aulas? Que botas de menos?
- DEREITOS DE AUTOR E PROTECCIÓN DE DATOS. Coñeces os teus dereitos e deberes en materia de protección de datos?
- DEREITOS DE AUTOR E PROTECCIÓN DE DATOS. Cando fas un traballo ou tarefa, citas as túas fontes e respectas os dereitos de autor?

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	O alumnado descoñece como sacar proveito da intelixencia artificial	Alumnado	Si
Debilidade	A páxina web do centro precisa dunha actualización profunda tanto da súa estética como da organización dos seus contidos	Infraestruturas	Si
Debilidade	A maioría do alumnado non se sente atraído polos cursos semi-presenciais.	Oferta	Non
Debilidade	Unha parte do profesorado non saca partido ás aulas virtuais.	Persoal docente	Si
Fortaleza	O alumnado está satisfeito coa información recibida a través de diversas canles (aula virtual, redes sociais)	Alumnado	Non
Fortaleza	A maioría do alumnado é quen de crear contidos dixitais	Alumnado	Non
Fortaleza	O alumnado síntese satisfeito cos recursos dixitais proporcionados polo profesorado para mellorar a súa aprendizaxe autónoma	Alumnado	Non
Fortaleza	O alumnado coñece os seus dereitos e obrigas nos eidos da protección de datos e de dereitos de autor	Alumnado	Non
Fortaleza	O alumnado está satisfeito co material informático das aulas	Infraestruturas	Non
Fortaleza	O profesorado utiliza medios dixitais corporativos para a comunicación co seu alumnado	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	A organización horaria das escolas de idiomas non favorece que o profesorado poida formarse no CFR de Lugo.	Administración educativa	Si
Ameaza	A necesidade de formación e moita, e o profesorado non pode simultanear cursos do CAFI para satisfacer as súas necesidades.	Administración educativa	Si
Ameaza	A dotación informática por parte da Consellería de Educación non é suficiente como para manter os equipos informáticos co dentro totalmente actualizados.	Administración educativa	Si
Ameaza	A rede wifi non alcanza para as necesidades do centro (por ex., conexión simultánea de moito alumnado)	Contorna	Non
Oportunidade	O CAFI ofrece formación en rede para moitas das carencias do profesorado	Administración educativa	Non

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Mellorar a dotación das aulas con ordenadores que permitan a instalación de windows 10 e posteriores, e conectar os paneis dixitais aos ordenadores de aula.
O02PD	Ofrecer formación básica sobre as ferramentas Audacity e Canva ao profesorado novo e formación sobre o uso do libro de cualificacións da aula virtual e do uso de Open Office a todo o profesorado
O03PD	Actualizar a páxina web utilizando a nova plantilla de Drupal 9
O04PD	Formar o profesorado sobre o uso da intelixencia artificial, integrando esa formación no PFPP do centro.
O05PD	Promover o intercambio de coñecemento e experiencias sobre o uso da aula virtual, dos repositorios de recursos oficiais e outros aspectos que poidan ser de interese.

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - A dotación informática por parte da Consellería de Educación non é suficiente como para manter os equipos informáticos co dentro totalmente actualizados.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Actualización do material dixital das aulas do centro que contan con ordenadores que non permiten a instalación de windows 10 ou posteriores	6 de 17 aulas teñen ordenadores que non permiten a instalación de windows 10 ou posteriores	0 de 17 aulas teñen ordenadores que non permiten a instalación de windows 10 ou posteriores				
Conexión dos paneis dixitais Abalar aos ordenadores de aula	0 de 9 paneis dixitais Abalar conectados aos ordenadores de aula	7 de 9 paneis dixitais Abalar conectados aos ordenadores de aula				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1 Solicitud de orzamento de 6 ordenadores	30/09/2024	setembro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Equipo directivo	

Revisión	Data	Arquivo
Orzamentos solicitados (ver en anexo)	02/09/2024	Orzamento 1_Escuela de Idiomas.pdf

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2 Selección do mellor orzamento e compra dos 6 ordenadores.	30/09/2024	setembro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Comunidade educativa	

Revisión	Data	Arquivo
Compra realizada (ver factura en anexo). O orzamento final é de 3190 €	30/09/2024	Factura.2024.A.169.pdf

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2 Conexión dos paneis dixitais Abalar aos ordenadores de aula mediante cabos HDMI	31/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Coordinación TIC	
Destinatario	Comunidade educativa	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - Unha parte do profesorado non saca partido ás aulas virtuais.

Ameaza - Administración educativa - A necesidade de formación e moita, e o profesorado non pode simultanear cursos do CAFI para satisfacer as súas necesidades.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Parte do profesorado descoñece o uso de ferramentas necesarias para a elaboración de probas de certificación (Canva)	80% do profesorado sabe usar a ferramenta Canva	90 % do profesorado sabe usar a ferramenta Canva eficazmente				
Parte do profesorado descoñece o uso de ferramentas necesarias para a elaboración de probas de certificación (Audacity)	91% do profesorado sabe usar a ferramenta eficazmente	100% do profesorado sabe usar a ferramenta eficazmente				
Parte do profesorado descoñece o uso de ferramentas necesarias para a xestión da aula virtual (Libro de cualificacións)	20% do profesorado sabe usar esta ferramenta eficazmente	80% do profesorado sabe usar esta ferramenta eficazmente				
Parte do profesorado descoñece o uso de ferramentas necesarias para a elaboración de documentos (Libre Office).	38% do profesorado sabe utilizar esta ferramenta eficazmente	80% do profesorado sabe usar esta ferramenta eficazmente				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1 Realización de dous cursos dunha hora de duración cada un sobre o uso das ferramentas Audacity e Canva	30/09/2024	setembro
Responsables	Profesorado do centro	
Destinatario	Profesorado de nova incorporación no centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2 Realización dun curso dunha hora de duración, dirixido a todo o profesorado, sobre como utilizar o libro de estilos de LibreOffice.	30/09/2024	setembro
Responsables	Vicedirección	
Destinatario	Todo o profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.3 Realización dun curso dunha hora e media de duración sobre o uso do libro de cualificacións da Aula Virtual	30/09/2024	setembro
Responsables	Coordinación TIC	
Destinatario	Todo o profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
A02.4 Elaboración dunha enquisa sobre a frecuencia de uso e a facilidade no manexo das catro ferramentas (Canva, Audacity, Libre Office e o libro de cualificacións da aula virtual)	15/05/2025	maio, xuño
Responsables	Cordinación TIC	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.5 Elaboración dun documento coas conclusións da enquisa	27/06/2025	xuño
Responsables	Coordinación TIC	
Destinatario	Equipo directivo	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidad - Infraestructuras - A páxina web do centro precisa dunha actualización profunda tanto da súa estética como da organización dos seus contidos

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
As enquisas reflicten que a páxina web é confusa e ten unha estética pouco atractiva	A páxina web está feita con Drupal 6	A nova páxina web está creada con Drupal 9				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.1 Deseño xeral das seccións da nova páxina web	28/11/2024	setembro, novembro, outubro
Responsables	Coordinadora TIC	
Destinatario	Toda a comunidade educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.2 Creación dos contidos relacionados coas seccións: O centro, oficina virtual e información académica	20/12/2024	novembro, decembro
Responsables	Coordinadora TIC	
Destinatario	A comunidade educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.3 Deseño das seccións dos departamentos didácticos	31/01/2025	xaneiro, decembro
Responsables	Coordinación TIC	
Destinatario	A comunidade educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.4 Deseño das seccións de biblioteca, EDGL e internalización	28/02/2025	xaneiro, febreiro
Responsables	Coordinación TIC	
Destinatario	A comunidade educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.4 Publicación da nova páxina web	28/02/2025	febreiro
Responsables	Coordinación TIC	
Destinatario	A comunidade educativa	

4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - O alumnado descoñece como sacar proveito da intelixencia artificial

Ameaza - Administración educativa - A necesidade de formación e moita, e o profesorado non pode simultanear cursos do CAFI para satisfacer as súas necesidades.

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Cofecemento de ferramentas de Intelixencia artificial que axuden no labor docente e guíen o alumnado para un uso eficiente da IA..	35% do profesorado non ten cofecementos sobre os usos da IA no ensino de idiomas	O 70 % do profesorado que realiza a formación saca rendemento da IA no seu labor docente				

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.1 Elaboración e aprobación do PFPP	15/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Coordinadora de formación	
Destinatario	Todo o profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.2 Impartición de curso, no seo do PFPP, sobre os usos da intelixencia artificial no ensino de idiomas	30/05/2025	
Responsables	Coordinadora de formación	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.3 Elaboración dunha enquisa sobre o aprendido no curso de formación	30/05/2025	maio
Responsables	Coordinación TIC	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.4 O profesorado responde a enquisa e a coordinación TIC elabora un documento coas conclusións	13/06/2025	xuño
Responsables	Coordinación TIC	
Destinatario	Profesorado	

4.6. Datos do obxectivo O05PD

Código	Estado
O05PD	Pendente

4.6.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - Unha parte do profesorado non saca partido ás aulas virtuais.

Ameaza - Administración educativa - A organización horaria das escolas de idiomas non favorece que o profesorado poida formarse no CFR de Lugo.

Ameaza - Administración educativa - A necesidade de formación e moita, e o profesorado non pode simultanear cursos do CAFI para satisfacer as súas necesidades.

4.6.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
As enquisas realizadas no curso 2023/24 reflicten que parte do profesorado descoñece como facer un bo uso da aula virtual e non saca partido aos recursos educativos dispoñibles.	23% do profesorado non sabe sacarlle partido a aula virtual do centro	10% do profesorado non sabe como sacarlle partido á aula virtual do centro				
O profesorado non adoita compartir as súas experiencias e coñecementos no eido dixital.	O profesorado non conta cun medio para compartir os seus coñecementos	O profesorado conta cun medio para compartir os seus coñecementos				
O profesorado non adoita compartir as súas experiencias e coñecementos no eido dixital	52% do profesorado comparte as súas experiencias co resto do profesorado	70% do profesorado comparte as súas experiencias co resto do profesorado				

4.6.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO5.1 Colaboraci3n coa coordinadora de biblioteca para organizar a creaci3n dunha lista de difusi3n de correo para o profesorado	30/09/2024	setembro
Responsables	Coordinaci3n TIC	
Destinatario	O profesorado do centro	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO5.4 Elaboraci3n e an3lise posterior dunha enquisa entre o profesorado na que se coñeza o impacto da creaci3n da lista de difusi3n de correo.	19/06/2025	maio, xu3no
Responsables	Cordinaci3n TIC	
Destinatario	Coordinaci3n TIC	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO5.2 Env3o de correos de xeito quincenal ao profesorado con p3lulas de informaci3n sobre o uso da aula virtual, ferramentas dixitais e calquera outro tema relacionado co uso das TIC na aula	30/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Coordinadora TIC	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO5.3 Promoci3n do intercambio de experiencias e coñecementos do eido TIC entre o profesorado a trav3s da lista de difusi3n de correo.	30/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Cordinadora TIC	
Destinatario	Profesorado do centro	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O procedemento de seguimento de desenvolvemento do plan e da consecuci3n de obxectivos realizarase seguindo os indicadores de consecuci3n dos obxectivos que se especifican nas t3boas do plan de acci3n e empregando as ferramentas de avaliaci3n que se escolleron para cada obxectivo.

Levarase a cabo unha avaliaci3n procesual: a frecuencia con que se realice ser3 como m3nimo unha vez ao trimestre. Os aspectos que se valorar3n incluir3n o estado da execuci3n das acci3ns, a an3lise e valoraci3n dos resultados, e, de ser o caso, as posibles modificaci3ns das acci3ns e as propostas de mellora.

5.2. Primeiro trimestre

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

- Avaliación procesual: a frecuencia con que se realice será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos que se valorarán incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados, e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
 - Avaliación final: a frecuencia en que se realice será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
- Será o equipo directivo, xunto coa persoa coordinadora TIC os que se encargarán de revisar este plan trimestral e anualmente, para modificalo, melloralo e difundilo entre o profesorado e o alumnado.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O equipo directivo xunto co equipo TIC difundirá o Plan dixital e as accións previstas para o curso 2024-2025 en reunión de claustro. Para chegar mellor ao alumnado, difundirase a través da aula virtual, xa que esta última cobrou nos últimos anos unha vital importancia, converténdose así nunha ferramenta potente de difusión e comunicación co alumnado. Estará publicado, ademais, na páxina web do centro.

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
Respostas do alumnado á enquisa realizada no curso 2023-24	Respostas á enquisa - colectivo - alumnado.pdf
Respostas do profesorado á enquisa realizada no curso 23-24	Análise enquisa profesorado - curso 23-24.pdf